

a ctividades

** Prepara un código de signos gráficos inventado por ti e intenta comunicar algunhas mensaxes os teus compañeiros.*


Hai que ter en conta que os signos que definas combinados de distinta maneira ten que poder construír mensaxes diferentes. Lembra que quen os “lexa” ha de coñecer o código empregado xa que do contrario non poderá entendela.



114







- A-** Linguaxe de bandeiras ou luces (semáforo).
B- Linguaxe “Braille” especial para invidentes. Os signos están gravados en relieve para “lelos” ó tacto.
C- Código “Morse” (1837). As liñas e puntos poden converterse en luces ou sons curtos ou longos.
D- Linguaxe de marcas empregado en senderismo.
E- Sistema de signos empregado polos sordomudos.
F- Método de escritura a base de signos gravados sobre táboas de arcila ideado polos sumerios (cuneiforme).
G- Modelo de escritura xeroglífica empregado polos exipcios.
H- Universo de signos desenrolado por Miró.



MATERIAIS

- * Cartulina
- * Caderno de anotacións
- * Lapis ou bolígrafo



** Prepara un traballo onde queden reunidos e explicados distintos tipos de ilustracións nas que poidan identificarse as tres clases de mensaxes: simbólica, de representación e abstracta.*

Procura ilustracións de cadros ou recortes de fotografías de revista e analiza a cal dos tipos de representación estudados corresponden. Monta con eles un traballo de 5 ou 6 follas comentando porque escogiches cada un.


b)

¿Que tipo de mensaxe pode transmitir cada unha das ilustracións desta páxina?

Moitas veces as imaxes non só comunican un tipo de mensaxe. Pode ocorrer que algunha teña un alto contido simbólico sendo ademais de representación ou pareza abstracta porque pertence a algo que non coñecemos, pero que na realidade representa fielmente ó obxecto.



115



MATERIAIS

* Ilustracións de revistas
* Caderno de anotacións